

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 14 DE OUTUBRO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lap/4/08.- Ricardo Canosa Carballo.- Nave e apertura de almacén de mobles de cociña e electrodomésticos en Boisaca, parcela 10B do Sunp-34.-

891/08.- Elena Canedo Santos.- Viv. unif. illada en Monte da Vila.-

878/08.- Estrella Maroño Rivas.- Rehabilitación e ampliación da edificación sita na R/ Escultor Ferreiro.-

383/08.- Juan Carlos Cendal Domínguez.- Viv. unif. en Monte da Vila.-

45/08.- Manuel Martínez Mariño.- Legaliz. Modificacións executadas en viv. unif. sita na Rúa do Veado núm.4.-

DENEGADAS.-

1107/08.- Manuel Antonio Ferreiro Velasco.- Execución de obras de adaptación ao regulamento de explosivos do Taller Pirotécnico "Pirotécnica Sionlla", sito en Enfesa.-

PARCELACIÓNS.-

943/08.- Alfonso Munín Sánchez.- Parcela sita no Lugar de Santa Lucía, Bornais, 46 (+).-

PRÓRROGA.-

1641/08.- Jesús Souto Carlín (Jeso).- Edificio en Rolán, Conxo de Abaixo (+).-

AUTORIZACIÓN AUTONÓMICA EN SOLO RÚSTICO, PREVIA Á CONCESIÓN DE LICENZA.-

761/05.- Manuel Otero Cabanas.- Recheo de finca, parcela núm.120 de concentración de Carballa (+).-

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

1300/08.- Julia Generosa Martínez Pena.-Expte...137/01.....160.000 ptas...(961,62 €).-

1251/08.- Fco Javier Baltar Boileve.-.....Expte...2420/07.....1.500 €.-

1813/08.- Malga, S.L.-.....Expte...2045/07.....600 €.-

1278/08.- Redesyl, S.L.-.....Expte.....1843/05.....15.000 €.-

1707/08.- Mª Cruz Enjo Mallou.-Expte..355/06.....3.000 €.-

1815/08.- Construcciones Pegito, S.L.-.....Expte..911/05.....4.928,30 €.-

1870/08.- Construcciones Diansa, S.L.-.....Expte...727/05.....3.600 €.-

1872/08.- Construcciones Diansa, S.L.-.....Expte..1086/05.....1.500 €.-

1900/08.- Lago Rodiño, C.B.-Expte..1722/02.....1.500 €.-

1942/08.- Santiago Guldrís Cao.-.....Expte...2637/01.....7.200 €.-

1946/08.- José Serafín Pérez Méndez (Composcasa).-.....Expte...1602/97.....20.788,07 €.-

1947/08.- Inmobiliaria del Noroeste, S.L.-.....Expte...2207/02.....49.562,59 €.-

APERTURAS.-

Lap/216/08.- Edicións Correo Sau.- Apertura de nave para rotativa de prensa no Polígono Costa Vella, R/ Polonia, parcelas 98 e 99 do Sun p-37.-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/857/08.- ALEJANDRA FOLGAR GARCÍA.- Reestruturación da vivenda unifamiliar na rúa Algalia de Abaixo, 31

6.- Adxudicación definitiva do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia suscrito coa empresa ARUMIA, por importe de 25.628 euros.

7.- Adxudicación definitiva do servizo de conservación e mantemento do parque de BRANDÍA.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia suscrito coa empresa ASPAS EMPREGO, SL, por importe de 64.032 euros.

8.- Adxudicación definitiva das obras de reposición de pavimento en diversas beirarrúas da cidade.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia suscrito coa empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL, por importe de 208.359 euros.

9.- Adxudicación definitiva do servizo veterinario de urxencia e de atención e recollida de animais abandonados no termo municipal.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia suscrito con José Luis Rivero Rodríguez, por importe de de 42.586 e un prazo de duración dun ano.

10.- Adxudicación definitiva das obras incluídas no proxecto complementario ao de execución das unidades de Actuación A e B de Penamaria (San Lázaro).

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia suscrito coa empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 79.395 euros.

11.- Adxudicación definitiva das obras de limpeza e desbroce de cunetas das pistas do Concello.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia suscrito empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, por importe de 208.673 euros.

12.- Adxudicación definitiva do subministro e instalación de elementos de xogo infantís no CEIP PIO XII.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do contrato de referencia suscrito coa empresa HAGS SWELEK, SA, por importe de 34.783 euros.

13.- Adxudicación provisional das obras de renovación da cuberta do Pavillón Polideportivo VITE I.

Adxudícanse provisionalmente as obras de referencia á empresa MONTEBALSA, SL, por importe de 92.800 euros e un prazo de execución de dous meses.

14.- Adxudicación provisional do contrato administrativo especial para a conservación e mantemento do cemiterio municipal de Santiago de Compostela.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa FUNERARIA TANATORIO APÓSTOL SANTIAGO, SL, por importe de 117.937 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade relativa á adquisición de bolardos tipo "Ciudad" NG-671 de ferro fundido gris co anagrama do Concello.

Acórdase a adquisición de bolardos por importe de 29.166 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á prórroga e revisión do prezo de aluguer do local situado na rúa Galeras nº 6 para ampliación das oficinas municipais de recadación.

Enténdese prorrogado o contrato de aluguer do referido local polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xullo de 2008 e revísase o prezo segundo o IPC, quedando fixado en 902 euros/mes.

17.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prórroga e revisión de prezos do contrato de aluguer do local situado na rúa Basquiños nº 1, utilizado como centro sociocultural da Almáciga.

Enténdese prorrogado o contrato de aluguer do referido local polo prazo dun ano a contar desde o 1 de maio de 2008 e revísase o prezo segundo o IPC, quedando fixado en 646 euros/mes.

18.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prórroga e revisión do prezo do aluguer do local situado na rúa Camiño dos Vilares nº 1 para uso como Asociación Cultural VIRXE DE GUADALUPE.

Enténdese prorrogado o contrato de aluguer do referido local polo prazo dun ano a contar desde o 1 de marzo de 2008 e revísase o prezo segundo o IPC, quedando fixado en 272 euros/mes.

19.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á prórroga e revisión do prezo do aluguer do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Enténdese prorrogado o contrato de aluguer do referido local polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2008 e revísase o prezo segundo o IPC, quedando fixado en 828 euros/mes.

20.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á prórroga e revisión do prezo do aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Enténdese prorrogado o contrato de aluguer do referido local polo prazo dun ano a contar desde o 15 de xuño de 2008 e revísase o prezo segundo o IPC, quedando fixado en 914 euros/mes.

21.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais relativa á prórroga e revisión do prezo do aluguer de local na parroquia de Barciela pasa uso como centro sociocultural.

Enténdese prorrogado o contrato de aluguer do referido local polo prazo dun ano a contar desde o 1 de abril de 2008 e revísase o prezo segundo o IPC, quedando fixado en 512 euros/mes.

22.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade e Seguridade Cidadá relativa á devolución de vehículo cedido ao Concello de Brión.

Dáse conta da recepción, en perfecto estado, do vehículo cedido ao Concello de Brión.

23.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á realización do FORO DE INICIATIVAS E EXPERIENCIAS EN VIAS VERDES.

Apróbase a realización do Foro de Iniciativas e Experiencias en Vías Verdes o día 22 de outubro no Auditorio e un importe de 8.651 euros.

24.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do orzamento da exposición sobre o PRIMEIRO CERTAME MÚSICAXOVE 2008.

Apróbase un orzamento de 5.088 euros para a exposición, que se poderá ver no CSC do Ensanche desde o 17 ata o 31 de outubro.

25.- Proposta da concelleira delegada dos Centros Socioculturais relativa á aprobación dos gastos e ingresos das actividades de outubro, novembro e decembro de 2008 da rede sociocultural.

Apróbase a seguinte previsión:

Gastos: 45.000 euros

Ingresos: 29.489 euros.

26.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao acordo sobre a confección da conta de liquidación definitiva da Reparcelación do polígono A do solo urbanizable non programado número 6 (SUNP-6) de San Lázaro.

Acórdase requerir aos servizos técnicos municipais que realicen, no prazo máis curto posible, os traballos necesarios para integrar a ordenación prevista na zona de vivendas unifamiliares do polígono A do SUNP-6 na actual base cartográfica, tendo en conta as infraestruturas executadas, a ordenación do solo urbano lindante (PERI-5) e o trazado do Camiño Francés; e confeccionar a conta de liquidación da reparcelación do polígono A en canto se realicen os anteditos traballos e se completen as actuacións de urbanización pendentes.

27.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao pagamento do prezo xusto logo da resolución do Xurado Provincial de Expropiacións, no proxecto técnico de expropiacións de reserva de terreos para patrimonio público de solo, actuación industrial "Boisaca-SUNP-34", tramitado polo procedemento de taxación conxunta.

Tómanse en coñecemento os importes derivados das resolucións do Xurado Provincial de Expropiación e acórdase pagar ou consignar, de ser o caso, por parte de SEPES aos propietarios de cada unha das parcelas o importe do xusto prezo.

28.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo para dar conta da presentación do documento refundido do proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 25 (SUNP-25) de Roxos.

Dáse conta da presentación do proxecto refundido de urbanización do SUNP-25 de Roxos.

29 a 62.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana e no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

63.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social para DAR CONTA da subvención para proxectos de accións de investigación relacionados co esforzo global anti-VIH/sida en Galicia para 2008.

Dáse conta dunha axuda por importe de 6.625 euros concedida pola Xunta de Galicia.

64.- Proposta da alcaldía para tomar coñecemento da adhesión do Concello de Santiago ao programa THAO-SALUD INFANTIL en prevención da obesidade infantil baseada en accións nos municipios.

Tómase coñecemento da adhesión do Concello ao devandito programa, que supón unha cota anual por participar de 10.000 euros.

65.- Dar conta de dúas resolucións da concelleira delegada de Servizos relativas a iluminación municipal.

Recoñécese a execución das actuacións de reforma do alumeadado do Parque de Xixón por importe de 22.196 euros e a reforma de iluminación nas rúas Pelamios, Morón, Carballo Calero, parque San Francisco, parque Morón e a rúa Vista Alegre, por importe de 106.521 euros, con cargo á partida fixa contemplada no contrato de xestión da iluminación municipal suscrito coa empresa DAVINA, SL.

Así mesmo, autorízase a esta empresa a executar as obras de instalación de alumeadado público no Eixo, baixo novo vial a Cacheiras; en Marrozos-acceso Outeiro de Marrozos; e en Aríns-rúa das Penas e Sandino, por un importe total de 17.026 euros.

66.- Dar conta da sinatura do convenio de cooperación para o cofinanciamento do programa de prevención de drogodependencias.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio entre o Concello (aporta 24.000 euros) e a Consellería de Sanidade (100.000 euros).

URXENCIAS:

1.- Proposta da concelleira delegada de Política Lingüística relativa á aceptación das condicións da convocatoria de subvencións para a normalización da lingua galega e tramitación das certificacións pertinentes.

Acéptanse as condicións da convocatoria de subvención da Xunta de Galicia de 37.813 euros para a organización de campañas de normalización lingüística e a elaboración de publicacións.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Sanidade relativa á adxudicación definitiva do servizo de desratización no termo municipal de Santiago.

Elévase a definitiva a adxudicación provisional do servizo á empresa ARUMIA, por importe de 27.285 euros.

3.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á aprobación do rexuste de anualidades e unificación de fases dos convenios das áreas de rehabilitación.

Apróbase o reaxuste.

4.- Dar conta da sinatura polo director do organismo autónomo programas educativos europeos, do convenio 2008-1-es-gruog-0068, aprobado na sesión de 7.10.08.

Dáse conta da sinatura por parte do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos do convenio para a realización do proxecto "Mírate; os pais e nais ante situacións que xeran violencia", solicitado pola UMAD no marco do programa europeo GRUNDTVIG 2, que supón unha achega de 17.000 euros.

5.- Dar conta pola concelleira delegada de Medio Ambiente da aceptación da doazón dunha escultura ao concello.

Dáse conta da aceptación da doazón dunha escultura de Castelao ao Concello por parte de forGA realizada polos participantes no curso "soldador/a de estruturas metálicas lixeiras" e que será colocada no Parque de San Lázaro.